09	Compost de augas de vexetación	Produto obtido por descomposición biolóxica e estabilización da materia orgánica procedente de augas de vexetación, baixo condicións que permitan un desenvolvemento de temperaturas termofílicas	<ul style="list-style-type: none"> <li>Materia orgánica total: 45 %</li> <li>Humidade máxima: 40 %</li> <li>Relación C/N &lt; 20</li> <li>Contido máximo en polifenóis: 0,8 %</li> <li>Non poderá conter impurezas nin inertes de ningún tipo tales como pedras, gravas, metais, vidros ou plásticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>pH</li> <li>Conductividade eléctrica</li> <li>Relación C/N</li> <li>Humidade mínima e máxima</li> <li>Tratamento ou proceso de elaboración, segundo a descrición indicada na columna 3</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Materia orgánica total</li> <li>C orgánico</li> <li>N total e N orgánico (se superan o 1 %)</li> <li>Outras formas de N (se superan o 1 %)</li> <li>P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> total (se supera o 1 %)</li> <li>K<sub>2</sub>O total (se supera o 1 %)</li> <li>Ácidos húmicos</li> <li>Granulometría</li> </ul>

## Grupo 7. Outras emendas

Nº	Denominación do Tipo	Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais	Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos	Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe	Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes. Outros criterios
1	2	3	4	5	6
01	Emenda Pedra de xeso	Produto de orixe natural constituído esencialmente por sulfato cálcico dihidratado	- 25 % de CaO - 35 % de SO <sub>3</sub>	Sulfato cálcico dihidratado	- CaO total - SO <sub>3</sub> total - Clase granulométrica
02	Emenda Anhidrita	Produto de orixe natural constituído esencialmente por sulfato de calcio anhidro	- 30 % de CaO - 45 % de SO <sub>3</sub>		- CaO total - SO <sub>3</sub> total - Clase granulométrica
03	Emenda Sulfato cálcico precipitado	Produto obtido no proceso industrial de fabricación do ácido fosfórico	- 25 % de CaO - 35 % de SO <sub>3</sub>	Poderanse engadir as denominacións usuais no comercio	- CaO total - SO <sub>3</sub> total - Clase granulométrica
04	Emenda retedora de humidade	Produto que contén unha mestura de rocha volcánica e copolímeros de propenámido-propenoato de sal de potasio e sal de amoniaco, podendo conter un fertilizante CE ou do grupo 1	- Capacidade de absorción en auga destilada: 450g H <sub>2</sub> O/100 g produto - Capacidade de absorción en solución de (NO <sub>3</sub> ) <sub>2</sub> Ca a 2 gr/l: 150-1500 gr H <sub>2</sub> O/100 gr produto - Contido en polímeros hidroabsorbentes: 7- 40 % p/p - Contido máximo en monómeros de acrilamida: 0,002 % p/p - Contido máximo en ácido acrílico: 0,0025 % p/p		- % polímeros hidroabsorbentes - Capacidade de absorción en auga destilada - Contido en monómeros de acrilamida e en ácido acrílico - Todo o exixido para o fertilizante que entra na mestura, se procede

Nota: clasificación granulométrica:

Po: ao menos o 98 % debe pasar polo cribo de 1 mm, e o 80 % polo de 0,25 mm.

Mudo: ao menos o 80 % debe pasar polo cribo de 5 mm.

Granulado: produto en po, granulado artificialmente. A granulometría específica do produto deberá ser dada polo fabricante, sen que poida superar os 5 mm.

**ANEXO II  
ANEXO II****Disposicións xerais de identificación e etiquetaxe**

As únicas indicacións relativas ao produto que se admitirán en etiquetas e documentos de acompañamento serán as seguintes:

- as identificacións e mencións obrigatorias da letra A.
- as identificacións e mencións facultativas da letra B.

Todas as indicacións obrigatorias e facultativas deberán estar claramente separadas de calquera outra información que figure nas etiquetas, envases e documentos de acompañamento.

**A. Identificacións e mencións obrigatorias**

As etiquetas e documentos de acompañamento de todos os produtos fertilizantes, nos cales se inclúen os fertilizantes, os fertilizantes especiais e as emendas, que correspondan a un dos tipos relacionados no anexo I, deberán axustar ás seguintes indicacións:

**1. Respecto á denominación do tipo.**

a) A denominación do tipo do produto fertilizante, en letras maiúsculas, de conformidade coa columna 2 dos cadros do anexo I.

b) Nos produtos de mestura, a mención “DE MESTURA” na denominación do tipo.

c) No caso dos fertilizantes, á denominación do tipo engadiranse os símbolos químicos dos nutrientes principais, seguidos a continuación, entre parénteses, polos símbolos dos nutrientes secundarios declarados.

d) Cando se declaren micronutrientes que fosen incorporados como fertilizante mineral, as palabras “con micronutrientes” ou a palabra “con” seguida do nome ou nomes dos micronutrientes presentes e dos seus símbolos químicos.

e) Na denominación do tipo soamente se poderán incluír as cifras que indiquen o contido en nutrientes principais e secundarios. Os números que indiquen o contido en nutrientes principais na orde establecida pola dita denominación, que se referirán ao contido global de cada elemento nas formas e solubilidades que se deben declarar e garantir segundo cada tipo de produto (columnas 5 e 6 dos cadros do anexo I). Os contidos en nutrientes secundarios declarados indicaranse, entre paréntese, a continuación do contido dos nutrientes principais.

f) Cando nas instrucións específicas se indique que o produto pode ser utilizado en fertirrigación, o fertilizante deberá ter a solubilidade definida no número 23 do artigo 2, e incorporarse, tras a denominación do tipo, a mención seguinte: “Fertilizante hidrosoluble”.

***Un exemplo para ilustrar as indicacións e mencións anteriores.***

*Trátase dun fertilizante órgano-mineral NPK, produto sólido que contén as seguintes riquezas:*

- 10 % de carbono (c) orgánico;
- 7 % de nitróxeno (N) total, 5 % de nitróxeno (N) orgánico, 2 % de nitróxeno (N) amoniacal;
- 10 % de pentóxido de fósforo ( $P_2O_5$ ) soluble en citrato amónico neutro e en auga;
- 7 % de óxido de potasio ( $K_2O$ ) soluble en auga;
- 3 % de óxido de calcio (CaO) soluble en auga;
- 2,4 % de óxido de magnesio (MgO) total;
- 0,1 % de ferro (Fe) total; 0,02 % de zinc (Zn) total.

*A denominación será:*

*FERTILIZANTE ÓRGANO-MINERAL NPK (Ca-Mg) 7-10-7 (3 – 2,4) con ferro (Fe) e zinc (Zn)*

**2. Respecto ao contido.**

O contido en nutrientes que se debe declarar e garantir, nas formas e solubilidades que corresponda, reflíctese na columna 6 dos cadros do anexo I. A indicación dos elementos nutritivos farase tanto coa súa denominación literal como co seu símbolo químico.

**2.1. Expresión dos nutrientes principais.**

a) O contido do nitróxeno, fósforo e potasio expresarase na etiquetaxe do modo seguinte:

- o nitróxeno unicamente en forma de elemento (N);
- o fósforo unicamente en forma de pentóxido de fósforo ( $P_2O_5$ );
- o potasio unicamente en forma de óxido de potasio ( $K_2O$ );

b) O contido dos nutrientes principais declararase en porcentaxe en masa, en números enteiros ou, en caso necesario, se existe un método de análise adecuado, cun decimal.

c) Ademais, salvo que nas denominacións do tipo do anexo I se estableza expresamente que se indique doutra maneira, os nutrientes principais expresaranse:

- i. O nitróxeno (N), nas seguintes formas: nítrico, amoniacal, ureico e orgánico;
- ii. O pentóxido de fósforo ( $P_2O_5$ ), nas súas dúas solubilidades: soluble en auga, e soluble en auga e en citrato amónico neutro;
- iii. O óxido de potasio ( $K_2O$ ) soluble en auga.

## 2.2 Expresión dos nutrientes secundarios.

a) Tanto nos produtos do grupo 1.2 como nos dos grupos 1.1, 2, 3, 4 e 6 do anexo I que conteñan nutrientes secundarios deberase declarar o contido en calcio, magnesio, sodio e xofre, sempre que estes elementos estean presentes, ao menos, nas cantidades mínimas seguintes, salvo que nos requisitos específicos do tipo se dispoñan outros valores:

- 2 % de óxido de calcio ( $CaO$ ),
- 2 % de óxido de magnesio ( $MgO$ ),
- 3 % de óxido de sodio ( $Na_2O$ ),
- 5 % de trióxido de xofre ( $SO_3$ ).

b) O contido do calcio, magnesio, sodio e xofre expresarase unicamente en forma de óxido ( $CaO$ ,  $MgO$ ,  $Na_2O$  e  $SO_3$ ).

c) O contido destes nutrientes declararase en porcentaxe en masa, en números enteiros ou, en caso necesario, se existe un método de análise adecuado, cun decimal.

d) A declaración do contido en magnesio, sodio e xofre nos produtos fertilizantes efectuarase dunha das seguintes maneiras:

- o contido total;
- o contido total e o contido soluble en auga, cando a dita solubilidade alcance, ao menos, unha cuarta parte do contido total;
- cando un elemento sexa completamente soluble en auga, unicamente se declarará o contido soluble en auga.

e) En canto ao contido en calcio, salvo que na denominación do tipo do anexo I se dispoña o contrario, unicamente se deberá declarar a porcentaxe soluble en auga.

f) Cando un nutriente secundario estea ligado quimicamente a algunha molécula orgánica, a continuación do contido soluble en auga declararase inmediatamente este contido do nutriente, seguido polas expresións “quelado por” ou “complexado por” e o nome da ou das moléculas orgánicas, tal e como figuran nos números 1.2.3 ao 1.2.4 do anexo I. O nome das moléculas orgánicas poderá ser substituído polas súas abreviaturas.

g) As indicacións que figuran con carácter xeral como notas no número 1.2 do anexo I.

## 2.3 Expresión dos micronutrientes.

a) Soamente se poderá declarar o contido dos micronutrientes boro (B), cobalto (Co), cobre (Cu), ferro (Fe), manganeso (Mn), molibdeno (Mo) e zinc (Zn) nos fertilizantes dos grupos 1.1, 1.2, 3 e 4, e sempre que, ademais, cumpran as dúas condicións seguintes:

- que os ditos micronutrientes se engadan como fertilizante mineral ao produto fertilizante, en cantidades polo menos iguais aos contidos mínimos que figuran no número 1.3.5 do anexo I.
- que o produto siga cumprindo os requisitos indicados no seu grupo correspondente do anexo I.

b) O contido dos micronutrientes declararase en porcentaxe en masa, expresada co máximo de decimais indicados no número 1.3.5 do anexo I.

c) O contido de micronutrientes declararase do modo seguinte:

- no caso dos fertilizantes inorgánicos que só declaran un micronutriente, de conformidade co prescrito na súa columna 6.
- no caso das mesturas sólidas ou líquidas de micronutrientes que teñan polo menos dous micronutrientes, así como no caso de produtos pertencentes aos tipos sinalados nos números 1.1 e 1.2 do anexo I, indicando:
  - o contido total,
  - o contido soluble en auga, cando o contido soluble alcance, como mínimo, a metade do contido total.
  - cando un micronutriente sexa totalmente soluble en auga, só se declarará o contido soluble en auga.

d) Cando un micronutriente estea ligado quimicamente a algunha molécula orgánica, o contido do nutriente presente no produto fertilizante declararase inmediatamente a continuación do contido soluble en auga, seguido polas expresións “quelado por” ou “complexado por” e o nome da ou das moléculas orgánicas, tal e como figuran na lista E.3.1 do anexo I do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 e nos números 1.3.6 e 1.3.7 do anexo I deste real decreto. O nome das moléculas orgánicas poderá ser substituído polas súas abreviaturas.

e) Os micronutrientes que conteña o produto fertilizante enumeraranse por orde alfabética dos seus símbolos químicos: B, Co, Cu, Fe, Mn, Mo, Zn.

f) As indicacións que figuran con carácter xeral como notas no número 1.3 do anexo I

g) Na etiqueta do envase, no que respecta aos produtos incluídos no número 1.3 do anexo I, con excepción dos do tipo 1.3.5, debaixo das indicacións obrigatorias ou facultativas, deberá aparecer o texto seguinte: “*Utilícese soamente en caso de recoñecida necesidade. Non superar as doses adecuadas.*”

3. Respecto a outros contidos e características.

a) Nos produtos líquidos, o contido en nutrientes expresarse en porcentaxe en masa, podendo tamén incluírse o equivalente da masa en relación co volume (quilogramos por hectolitro ou gramos por litro).

b) Nos produtos fertilizantes elaborados con materias primas de orixe orgánica deberanse declarar os ingredientes que interveñen na súa fabricación, coa porcentaxe en masa que corresponde a cada un deles.

c) O resto de informacións, tales como: pH, condutividade eléctrica (dS/m), ácidos húmicos, carbono orgánico, materia orgánica, etc.... que aparecen nas columnas 5 e 6 dos cadros do anexo I, deberanse declarar a continuación das riquezas garantidas.

d) Nos produtos con compoñentes orgánicos (anexo V), deberase indicar a clasificación a que corresponda (A, B ou C), de acordo co anexo V e engadirse: “*Contido en metais pesados inferior aos límites autorizados para esta clasificación*”.

e) Nos produtos fertilizantes dos grupos 2, 3 e 6 deberase declarar o contido en cobre (Cu) e zinc (Zn) cando superen os límites máximos de concentración correspondentes á clase A (70 e 200 mg/kg de materia seca, respectivamente), sen que se poidan superar as cantidades da clase C.

f) No caso de que o produto conteña aminoácidos libres, débese incluír o proceso seguido na súa obtención:

- Nos hidrolizados, a materia prima que se hidroliza.
- Nos de fermentación, se for o caso, o microorganismo utilizado.
- Nos de síntese, o método utilizado.

4. Respecto ás instrucións de uso e aplicación.

As instrucións específicas sobre a dose que hai que empregar e o método de aplicación, para o solo e o cultivo en que se utilizará o produto fertilizante serán de exclusiva responsabilidade do fabricante, e respectarán as normas fixadas neste real decreto.

Cando unha comunidade autónoma regule a utilización de determinados fertilizantes ou estableza zonas de especial protección, o fabricante deberá facilitar ao agricultor unha información adicional á etiqueta con estes requisitos.

5. Outras informacións que se deberán incluír nas etiquetas.

a) Os produtos fertilizantes elaborados con subprodutos de orixe animal deberán incluír na etiqueta ou nos documentos de acompañamento as indicacións exixidas no Regulamento (CE) 1774/2002 e nas disposicións que o desenvolven.

b) Os produtos fertilizantes líquidos só se poderán poñer no mercado se o fabricante dá as oportunas instrucións adicionais referentes á temperatura de almacenamento.

c) No caso dos produtos fertilizantes clasificados como perigosos polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, débese incluír a clasificación de perigosidade, o pictograma ou símbolo de seguridade e as frases de risco [R] e de seguridade [S] correspondentes, e instrucións específicas para o transporte, manipulación e almacenamento do produto, advertindo do perigo e modo de salvar os accidentes.

d) Para todos os produtos fertilizantes deberán incluírse as frases de seguridade seguintes:

S2 Mantéñase fóra do alcance dos nenos.

S13 Mantéñase lonxe dos alimentos, bebidas e pensos.

e) A indicación da cantidade expresada en masa (quilogramos) neta ou bruta. En caso de que se indique a masa bruta, deberase indicar ao lado a masa da tara. Cando se trate de produtos líquidos, ademais da masa, a cantidade poderá ser expresada en volume (litros).

f) O número de inscrición no Rexistro de Produtos Fertilizantes, se for o caso.

g) O nome ou razón social e o enderezo da persoa física ou xurídica responsable da posta no mercado (produtor, importador, envasador, etc.), de acordo co punto 46 do artigo 2.

h) A identificación da partida ou lote, para documentar a súa rastrexabilidade, de acordo co establecido no artigo 15.

#### B. Identificacións e mencións facultativas

Os envases, etiquetas e documentos de acompañamento poderán levar as seguintes indicacións:

- a) A marca do fabricante.
- b) A denominación comercial do produto fertilizante, na cal non se poderán utilizar cifras ou expresións que induzan a confusión sobre o tipo de produto, riquezas ou contidos, así como o emprego de palabras ou prefixos como "biolóxico", "ecolóxico", "fertilizante ecolóxico", "natural", "bio", "eco", etc., sen o correspondente certificado de conformidade emitido polas entidades certificadoras de insumos autorizados en agricultura ecolóxica.
- c) No caso de que existan indicacións facultativas indicadas nas columnas 4, 5 e 6 dos cadros do anexo I, conforme o especificado neles.
- d) O contido en  $P_2O_5$  soluble en auga nos produtos fosfatados do grupo 3, salvo nos produtos en solución nos cales será obrigatorio.
- e) O contido en micronutrientes cando sexan ingredientes normais de materias primas destinadas a achegar nutrientes principais e secundarios, sempre que estean presentes en cantidades iguais ou superiores aos contidos mínimos que figuran no número 1.3.5 do anexo I
- f) O contido en materia orgánica nos produtos do grupo 2 (fertilizantes orgánicos).
- g) O contido en materia orgánica nos produtos do grupo 3 (fertilizantes órgano-minerais), determinada co contido en carbono orgánico polo factor 1,724 (coeficiente de Waksman).
- h) O contido en ácidos fúlvicos nos produtos do grupo 6 (emendas orgánicas).
- i) A condutividade eléctrica, expresada en dS/m, salvo no caso dos produtos do grupo 6 (emendas orgánicas) que será obrigatoria.
- j) As instrucións de almacenamento e manipulación para os produtos sólidos.
- k) A indicación «pobre en cloruro» só se poderá incluír cando o contido en cloruro sexa inferior ao 2 %. Así mesmo, a indicación "libre de cloruro" só se poderá incluír cando o contido en cloruro sexa inferior ao 0,3 %.
- l) Valor do pH naqueles produtos que non sexa obrigatoria a súa mención.

### ANEXO III

### ANEXO VI

#### Métodos analíticos

1. Laboratorios competentes, públicos designados e privados autorizados para prestar os servizos necesarios para comprobar a conformidade dos produtos fertilizantes co disposto neste real decreto.

– Laboratorios acreditados de acordo coa norma EN ISO/IEC 17025 Requisitos xerais para a competencia dos laboratorios de ensaio e de calibración, en relación con, ao menos, un dos métodos deste anexo.

– Durante cinco anos a partir da entrada en vigor desta orde, os laboratorios aínda non acreditados que demostren que iniciaron e están seguindo os procedementos de acreditación necesarios conforme a norma EN ISO/IEC 17025 en relación con un ou con varios dos métodos deste anexo, e que demostren á autoridade competente que participan en ensaios interlaboratorios con resultados positivos.

O Laboratorio Arbitral Agroalimentario do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño actuará de laboratorio nacional de referencia.

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño difundirá e actualizará a través da súa páxina da internet a lista de laboratorios competentes, públicos designados e privados autorizados, que poidan intervenir na realización das análises (inicial e contraditoria) establecidas polo Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.



## 2. Métodos oficiais de análise dos produtos fertilizantes minerais.

Tipo de determinación	Ámbito aplicación/Producto fertilizante concernido	Normativa oficial
Método de toma de mostiras para o control dos fertilizantes		Anexo IV. A Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Grao de finura de moenda en seco		Método 7.1. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Grao de finura de moenda nos fosfatos naturais brandos	Fosfatos naturais brandos	Método 7.2. Anexo IV Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Granulometría	Fertilizantes simples a base de nitrato de amonio e con alto contido en nitróxeno	Método 5. Anexo III Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Preparación da mostra		Método 1. Anexo IV Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Auga total		Método 3 Orde do 1 de decembro de 1981 (BOE do 20 de xaneiro de 1982)
Auga libre		Método 4 Orde do 30 de novembro de 1976 (BOE do 4 de xaneiro de 1977)
Nitróxeno (detección de nitratos)		Método 5 Orde do 30 de novembro de 1976 (BOE do 4 de xaneiro de 1977)
Nitróxeno total na cianamida cálcica sen nitratos	Cianamida cálcica exenta de nitratos	Método 2.3.1. Anexo IV Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Nitróxeno total na cianamida cálcica con nitratos	Cianamida cálcica que contén nitratos	Método 2.3.2. Anexo IV Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Nitróxeno total na urea	Urea exenta de nitratos	Método 2.3.3. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Diferentes formas de nitróxeno presentes simultaneamente nos fertilizantes que o conteñen en forma nítrica, amoniacal, ureica e cianamídica		Método 2.6.1. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Diferentes formas de nitróxeno presentes simultaneamente nos fertilizantes que só o conteñen en forma nítrica, amoniacal e ureica		Método 2.6.2. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Nitróxeno amoniacal	Fertilizantes nitróxenos e compostos, nos cales o nitróxeno se encontra exclusivamente en forma de sales de amonio ou de sales de amonio e de nitratos	Método 2.1. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Nitróxeno nítrico e amoniacal (método Ulsch)	Fertilizantes nitróxenos e compostos, nos cales o nitróxeno se encontra exclusivamente en forma nítrica ou en forma amoniacal e nítrica	Método 2.2.1. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Nitróxeno nítrico e amoniacal (método Arnd)	Fertilizantes nitróxenos e compostos, nos cales o nitróxeno se encontra exclusivamente en forma nítrica ou en forma amoniacal e nítrica	Método 2.2.2. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Nitróxeno nítrico e amoniacal (método Devarda)	Fertilizantes nitróxenos e compostos, nos cales o nitróxeno se encontra exclusivamente en forma nítrica ou en forma amoniacal e nítrica	Método 2.2.3. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Biuret da urea	Urea	Método 2.5. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Nitróxeno cianamídico	Cianamida cálcica e á cianamida cálcica con nitratos	Método 2.4. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003

Tipo de determinación	Ámbito aplicación/Producto fertilizante concernido	Normativa oficial
Fósforo soluble nos ácidos minerais		Método 3.1.1. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Fósforo soluble en auga		Método 3.1.6. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Fósforo soluble en citrato de amonio neutro		Regulamento (CE) n.º 2003/2003 Anexo IV. Método 3.1.4
Fósforo soluble en citrato de amonio alcalino (Método de Petermann a 65°C)	Fosfato ácido de calcio dihidrato precipitado (PO <sub>4</sub> Hca·2H <sub>2</sub> O)	Método 3.1.5.1. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Fósforo soluble en citrato de amonio alcalino (Método de Petermann á temperatura ambiente)	Fosfatos calcinados	Método 3.1.5.2. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Fósforo soluble no citrato de amonio alcalino (Método de Joulie)	Fertilizantes fosfatos simples ou compostos a base de fosfatos aluminocálcicos	Método 3.1.5.3. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Fósforo soluble en ácido cítrico ao 2 %	Escouras de defosforación	Método 3.1.3. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Fósforo soluble en ácido fórmico ao 2 %	Fosfatos naturais brandos	Método 3.1.2. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Potasio soluble en auga		Método 4.1. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa do boro nos extractos de fertilizantes por espectrometría da azometina-H	Fertilizantes cun contido de micronutrientes inferior ao 10 %	Método 9.5. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa do boro nos extractos de fertilizantes por acidimetría	Fertilizantes cun contido de micronutrientes superior ao 10 %	Método 10.5. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Extracción dos micronutrientes totais	Fertilizantes cun contido de micronutrientes inferior ao 10 %	Método 9.1. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Extracción dos micronutrientes solubles en auga	Fertilizantes cun contido de micronutrientes inferior ao 10 %	Método 9.2. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Eliminación dos compostos orgánicos nos extractos de fertilizantes	Fertilizantes cun contido de micronutrientes inferior ao 10 %	Método 9.3. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Extracción dos micronutrientes totais	Fertilizantes cun contido de micronutrientes superior ao 10 %	Método 10.1. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Extracción dos micronutrientes solubles en auga	Fertilizantes cun contido de micronutrientes superior ao 10 %	Método 10.2. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Eliminación dos compostos orgánicos nos extractos de fertilizantes	Fertilizantes cun contido de micronutrientes superior ao 10 %	Método 10.3. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa de micronutrientes nos extractos de fertilizantes por espectrometría de absorción atómica	Fertilizantes cun contido de micronutrientes inferior ao 10 %	Regulamento (CE) n.º 2003/2003 Anexo IV. Método 9.4
Determinación cuantitativa de micronutrientes nos extractos de fertilizantes por espectrometría de absorción atómica	Fertilizantes cun contido de micronutrientes superior ao 10 %	Método 10.4. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Extracción do calcio total, do magnesio total, do sodio total e do xofre total en forma de sulfato		Método 8.1. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Extracción do xofre total presente en diversas formas	Fertilizantes que conteñen xofre en forma de elemental, tiosulfato, sulfato e sulfatos	Método 8.2. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003

Tipo de determinación	Ámbito aplicación/Producto fertilizante concernido	Normativa oficial
Extracción das formas solubles en auga do calcio, do magnesio, do sodio e do xofre presente en forma de sulfato		Método 8.3. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Extracción do xofre soluble en auga, presente en diversas formas		Método 8.4. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Extracción e determinación cuantitativa do xofre elemental	Fertilizantes que conteñen xofre en forma elemental	Método 8.5. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Trióxido de xofre soluble en auga, en forma de tiosulfato	Valoración iodométrica.	Método 8.6. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación manganimétrica do calcio extraído por precipitación en forma de oxalato		Método 8.7. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa do magnesio por espectrometría de absorción atómica	Fertilizantes que declaren o magnesio total e/ou o magnesio soluble en auga a excepción dos fertilizantes especificados no ámbito de aplicación do método 24(n)	Método 8.8. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa do magnesio por complexometría	Fertilizantes que declaren o magnesio total e/ou magnesio soluble en auga: nitrato de calcio e de magnesio, sulfonitrato de magnesio, fertilizante nitróxenado con magnesio, sal bruto de potasa enriquecida, cloruro de potasio con magnesio e sulfato de potasio con sal de magnesio, kieserita, sulfato de magnesio e kieserita con sulfato de potasio	Método 8.9. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa dos sulfatos		Método 8.10. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Cloro	Fertilizantes que non teñan materia orgánica	Método 6.1. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Cloro (en forma de ión cloruro)	Fertilizantes simples a base de nitrato de amonio con alto contido en nitróxeno,	Método 6. Anexo III. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa do zinc nos extractos de fertilizantes por espectrometría de absorción atómica	Fertilizantes cun contido de oligoelementos inferior ao 10 %	Método 9.11. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa do zinc nos extractos de fertilizantes por espectrometría de absorción atómica	Fertilizantes cun contido de oligoelementos superior ao 10 %	Método 10.11. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa do cobre nos extractos de fertilizantes por espectrometría de absorción atómica	Fertilizantes cun contido de oligoelementos inferior ao 10 %	Método 9.7. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Cobre	Fertilizantes simples a base de nitrato de amonio con alto contido en nitróxeno	Método 7. Anexo III. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa do cobre nos extractos de fertilizantes por valoración	Fertilizantes cun contido de oligoelementos superior ao 10 %	Método 10.7. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa do ferro nos extractos de fertilizantes por espectrometría de absorción atómica	Fertilizantes cun contido de oligoelementos inferior ao 10 %	Método 9.8. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa do ferro nos extractos de fertilizantes por espectrometría de absorción atómica	Fertilizantes cun contido de oligoelementos superior ao 10 %	Método 10.8. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003

Tipo de determinación	Ámbito aplicación/Producto fertilizante concernido	Normativa oficial
Determinación cuantitativa do manganeso nos extractos de fertilizantes por espectrometría de absorción atómica	Fertilizantes cun contido de oligoelementos inferior ao 10 %	Método 9.9. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa do manganeso nos extractos de fertilizantes por valoración	Fertilizantes cun contido de oligoelementos superior ao 10 %	Método 10.9. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa do molibdeno nos extractos de fertilizantes por espectrometría dun complexo con tiocianato amónico	Fertilizantes cun contido de oligoelementos inferior ao 10 %	Método 9.10. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa do molibdeno nos extractos de fertilizantes por gravimetría con 8-hidroxiquinoleína	Fertilizantes cun contido de oligoelementos superior ao 10 %	Método 10.10. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa do cobalto nos extractos de fertilizantes por espectrometría de absorción atómica	Fertilizantes cun contido de oligoelementos inferior ao 10 %	Método 9.6. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Determinación cuantitativa do cobalto nos extractos de fertilizantes por gravimetría con 1-nitroso-2-naftol	Fertilizantes cun contido de oligoelementos superior ao 10 %	Método 10.6. Anexo IV. Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Índice de actividades de liberación lenta do nitróxeno	Compostos de urea-formaldehído e mesturas que conteñan tales compostos	Método 36 Publicación Métodos oficiais do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
Valor neutralizante	Emendas calcarias	Norma UNE-EN 12945
Valor pH	Fertilizantes simples a base de nitrato de amonio e con alto contido en nitróxeno	Método 4. Anexo III Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Métodos para a aplicación de ciclos térmicos	Fertilizantes simples e compostos a base de nitrato de amonio e con alto contido en nitróxeno, como análise previa á determinación da retención de aceite do fertilizante e do ensaio de detonabilidade	Método 1. Anexo III Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Retención de aceite	Fertilizantes simples a base de nitrato de amonio e con alto contido en nitróxeno	Método 2. Anexo III Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Compoñentes combustibles	Fertilizantes simples a base de nitrato de amonio e con alto contido en nitróxeno	Método 3. Anexo III Regulamento (CE) n.º 2003/2003
Ensaio de detonabilidade	Fertilizantes simples a base de nitrato de amonio e con alto contido en nitróxeno	Punto 4. Anexo III Regulamento (CE) n.º 2003/2003 Orde PRE/988/2004, do 15 de abril (BOE n.º 92, do 16 de abril de 2004)

## 3. Métodos de análise dos produtos fertilizantes orgánicos e órgano-minerais.

Tipo de determinación	Ámbito de aplicación/Produto fertilizante concernido	Normativa oficial española	Métodos ou técnicas recomendados
Método de toma de mostras de fertilizantes sólidos orgánicos e afíns		Anexo III Orde do 13 de maio de 1982	
Preparación da mostra	Non aplicable a mostras que producen substancias volátiles diferentes da auga á temperatura de desecación	Método 1 Orde do 17 de setembro de 1981 (BOE do 14 de outubro de 1981)	
Humidade	Non aplicable a mostras que producen substancias volátiles diferentes da auga á temperatura de desecación	Método 2 Orde do 17 de setembro de 1981 (BOE do 14 de outubro de 1981) Referencia: Norma U44-171 AFNOR 1976	
Materia orgánica total por calcinación	Aplicable a emendas orgánicas sen o lavado previo con ácido clohidrico	Método 3(a) Orde do 1 de decembro de 1981 (BOE do 20 de xaneiro de 1982) Referencia: Norma U44-160 AFNOR 1976	
Extracto húmico total e ácidos húmicos		Método 4 R.D. 1110/1991 (BOE n.º 170, do 17 de xullo de 1991)	
Cinzas		Método 5 Orde do 17 de setembro de 1981 (BOE do 14 de outubro de 1981)	
Carbono orgánico			Métodos de combustión seca e de oxidación por vía húmida
pH		Método 6 Orde do 1 de decembro de 1981 (BOE do 20 de xaneiro de 1982)	
Grao de finura		Método 7 R.D. 1110/1991 (BOE n.º 170, do 17 de xullo de 1991)	
Nitróxeno total		Método 8 R.D. 1110/1991 (BOE n.º 170, do 17 de xullo de 1991)	Método 2.6.1. Anexo IV Regulamento (CE) n.º 2003/2003.
Nitróxeno ureico (amídico)		Método 9 R.D. 1110/1991 (BOE n.º 170, do 17 de xullo de 1991) Referencia: AOAC	Método 2.6.1. Anexo IV Regulamento (CE) n.º 2003/2003.
Nitróxeno nítrico		Método 10 (método de Robertson) R.D. 1110/1991 (BOE n.º 170, do 17 de xullo de 1991) Referencia: AOAC	Método 2.6.1. Anexo IV Regulamento (CE) n.º 2003/2003.
Nitróxeno amoniacal			Método 2.6.1. Anexo IV Regulamento (CE) n.º 2003/2003.

Tipo de determinación	Ámbito de aplicación/Produto fertilizante concernido	Normativa oficial española	Métodos ou técnicas recomendados
Nitróxeno orgánico		Método 12 R.D. 1110/1991 (BOE n.º 170, do 17 de xullo de 1991) Referencia: AOAC	
Fósforo total		Método 13 Orde 17 de setembro de 1981 (BOE do 14 de outubro de 1981) Referencia: AOAC	Método 3.1.1 e 3.2. Anexo IV Regulamento (CE) n.º 2003/2003.
Fósforo soluble en auga e en citrato amónico		Método 14 R.D. 1110/1991 (BOE n.º 170, do 17 de xullo de 1991) Referencia: AOAC	Método 3.1.4 e 3.2. Anexo IV Regulamento (CE) n.º 2003/2003.
Fósforo soluble en auga			Método 3.1.6 e 3.2. Anexo IV Regulamento (CE) n.º 2003/2003.
Potasio soluble en auga		Método 16 (por fotometría de chama) Orde 17 de setembro de 1981 (BOE do 14 de outubro de 1981) Referencia: AOAC	Método 4.1. Anexo IV Regulamento (CE) n.º 2003/2003.
Potasio total		Método 17 R.D. 1110/1991 (BOE n.º 170, do 17 de xullo de 1991)	
Aminoácidos libres		Método 18 R.D. 1110/1991 (BOE n.º 170, do 17 de xullo de 1991)	
Conductividade eléctrica			Norma UNE-EN 13038
Boro			Norma UNE-EN 13650
Calcio			Norma UNE-EN 13650
Cadmio			Norma UNE-EN 13650
Cromo			Norma UNE-EN 13650
Cromo hexavalente			Norma UNE-EN 13650
Cobre			Ministero delle Politiche Agricole e Forestali de Italia
Ferro			Decreto do 8 de marzo de 2003
Magnesio			Suplemento n.º 8
Mercurio			Norma UNE-EN 13650
Molibdeno			Norma UNE-EN 13650
Níquel			UNE-EN 13806
Chumbo			Norma UNE-EN 13650
Zinc			Norma UNE-EN 13650
Escherichia coli			Norma UNE-EN 13650
Salmonella			ISO-7251
Contido en polifenóis expresados en Ac. cumárico	Emendas orgánicas a base de augas de vexetación		UNE-EN-ISO 6579
			Kuwaituka e Shiindo

## 4. Outros métodos de análise para produtos fertilizantes.

Tipo de determinación	Ámbito de aplicación/Produto fertilizante concernido	Normativa oficial	Métodos ou técnicas recomendados
Fración quelada de micronutrientes		Norma EN 13366	
Contido de micronutrientes quelados e axentes quelantes por cromatografía: EDTA, HEDTA e DTPA	Fertilizantes con micronutrientes, Ca e Mg	Norma EN 13368-1	
Contido de micronutrientes quelados e axentes quelantes por cromatografía: (o-o) EDDHA e (o-o) EDDHMA	Fertilizantes con micronutrientes	Norma EN 13368-2: 2007	
Contido de micronutrientes quelados e axente quelante (o-p) EDDHA	Fertilizantes con micronutrientes	Norma EN 15452	
Contido de micronutrientes quelados e axente quelante EDDHSA e os seus produtos de condensación	Fertilizantes con micronutrientes	Norma EN 15451	
Fración complexada de micronutrientes	Fertilizantes con micronutrientes	prEN 15962	
Fración complexada de secundarios	Fertilizantes con Ca e Mg	Pendente de publicación	
Contido de nutrientes complexados e axente complexante Ac. Lignosulfónico	Fertilizantes con micronutrientes, Ca e Mg	TC 260 WI 00260129	
Contido de nutrientes complexados e axente complexante Ac. glicónico	Fertilizantes con micronutrientes, Ca e Mg	IMA-F-AS313-05 Recueil International des Methodes D'Analyses OIV	
Contido de nutrientes complexados e axente complexante Ac. heptaglucónico	Fertilizantes con micronutrientes, Ca e Mg		
Contido de micronutrientes complexados e axentes complexantes Ácidos húmicos	Fertilizantes con Fe, Cu e Zn	Método 4 R.D. 1110/1991 (BOE. n.º 170, do 17 de xullo de 1991)	
Contido de micronutrientes complexados e axentes complexantes Aminoácidos libres	Fertilizantes con Cu e Zn	Método 18 R.D.110/1991 (BOE n.º170, do 17 de xullo de 1991)	
Contido de nutrientes complexados e axente complexante Ac. cítrico	Fertilizantes con Fe e Ca	MA-F-AS313-05 Recueil International des Methodes D'Analyses OIV	
Determinación de inibidor da nitrificación: dicianidamida (DCD)	Fertilizantes con N en forma nitrificable	Norma EN 15360	
Determinación de inibidor da nitrificación: Dimetilo dihidróxeno fosfato (DMPP)	Fertilizantes con N en forma nitrificable		prEN 15905
Determinación de inibidor da ureasa: monocarbamida dihidróxeno sulfato (MCDHS)	Fertilizantes nitróxenos, cuxo contido en nitróxeno ureico é, ao menos, o 50 % do nitróxeno total		Volumetría por neutralización
Contido de ferro quelado e axente quelante HBED			prEN 13368-2: 2009
Contido en 2-furaldehído (fural) (fural)	Fertilizantes que conteñan como materia prima, lignosulfonatos, todos procedentes da industria do papel ou da elaboración de azucre		OENO 18/2003 Codex Enolóxico Internacional
Contido en monómeros de acrilamida	Emendas a base de polímeros de acrilamida		Pendente de publicación
Capacidade de absorción de auga	Emendas a base de polímeros de acrilamida		Pendente de publicación
Contido en polímeros hidroabsorbentes	Emendas a base de polímeros de acrilamida		Pendente de publicación